



Ondas de ilusións

- escolas do mar -

Museo de Historia Natural



Visita escolar primaria (7-11 anos)

O Museo de Historia Natural da Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN) acolle dende 2011 as coleccións que teñen como obxectivo coidar e ensinar o tesouro da natureza.

O Museo naceu xuntando pequenas coleccións, froito dos moitos anos de traballo de varias xeracións de naturalistas. No ano 1991 estes naturalistas fixeron unha primeira exposición para o público sobre a cartografía galega. En poucos anos a exposición contaba xa con coleccións únicas, e creouse así anos despois o Museo de Historia Natural en Ferrol.

Os restos biolóxicos do Museo trátanse de especies protexidas na súa meirande parte. Mais este Museo ten como principio a dignidade e respecto á natureza: "Que ningún animal sexa capturado ilegalmente, nin sacrificado ou danado e ningunha especie esquilhada para a súa mostra, mantendo sempre unhas normas éticas no seu contacto coa natureza, encamiñadas a non alterar o medio".


A sección de Mamíferos Mariños é moi ampla, sendo unha das coleccións biolóxicas máis importantes da Península. Dende os primeiros restos óseos recompilados nos primeiros anos, nos que a SGHN foi pioneira na preocupación polos cetáceos, traballo compartido coa Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños (CEMMA). Tamén conta con seccións de Herpetoloxía, Omitoloxía, Botánica, Astronomía, etc.

Museo de Historia Natural

1.- Remata as seguintes oracións:

- A Herpetoloxía é a ciencia que estuda os _____
- A Ornitoloxía é a ciencia que estuda os _____
- A Botánica é a ciencia que estuda os _____
- A Astronomía é a ciencia que estuda os _____

2.- Debuxa un dos esqueletos de restos óseos de cetáceos que mais te impresionou durante a visita ao museo. Indica no debuxo: cabeza, aleta caudal, aleta dorsal, aleta ventral e o lugar do espiráculo.



Durante o s. XIX as poboacións de baleas decreceron considerablemente polo forte impacto do arpón explosivo na súa pesca, levando a moitas baleas ao borde da extinción. Actualmente moitas especies están recuperando as súas poboacións aínda que algunhas están todavía en perigo.



3.- Escolle tres plantas autóctonas do noso territorio e indica: nome común, nome científico e os lugares da natureza onde as atopas.